

## VIRAVENTOS

O vento é a materia prima do poemario con que Xoán Xosé García gañou o XI Premio Espiral Maior: *In-ventos*, un texto poboado de parques eólicos e viraventos que xiran, como o propio poema, transformando en enerxía e palabra a forza da ventisca. Neste sentido a proposta do autor é singular por novedosa por máis que dialogue co personaxe clásico de Pandora -a que abriu a caixa das tempestades e deixou fuxir o vento mundo adiante. Finalmente, “*Esta bris/ collage voltage/ celebra un voo a dúas aspas/ na memoria*” pois unicamente nela reside a verdadeira esencia da vida.

Tempos Novos, 92, xaneiro 2005, p. 72